



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA UN DE AGOSTO DO ANO DOUS MIL NOVE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día un de agosto do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Fernando Rodríguez Broullón.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado
Dna. María Belén González González
D. Antonio Estévez González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez

Non asisten os concelleiros D. Tomás Fernández González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA DE MAIO DO ANO DOUS MIL NOVE.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria celebrada en data trinta de maio de dos mil nove, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data trinta de maio de dous mil nove, resultou aprobada coas observacións indicadas, por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Tomás Fernández González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO SEGUNDO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO Nº 3/2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o Informe de Secretaria- Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se dilixencie a recepción e conformidade das facturas.

2º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de dous mil douscentos sesenta e cinco euros con vintenoventa céntimos (2.265,29 €), co seguinte detalle:

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
TELEFONICA	Modificacion instalacions Crtra. Lobios- A Vila	43.22100	2.265,29 €

3º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.”

A continuación o Sr Alcalde explica que dita proposta tráese ao Pleno xa que unhas semanas atrás produciuse no Concello un corte do telefono por parte de Telefónica que tiña como causa principal esta factura do ano 2001, factura que aínda que se entende que debería ser asumida pola Deputación, ao non saber se o Concello en aquel momento se comprometeu ao pago da mesma se trae ao Pleno xa que se trata dun gaso do ano 2001.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, anuncia que o voto do seu partido vai ser en contra en primeiro lugar porque entenden que debe ser un gasto que corre a cargo da Deputación, en segundo lugar solicitan un informe de intervención xa que consideran o corte de Telefónica irregular e en terceiro lugar porque están cansos de aprobar facturas de anos anteriores cando do ano 2007 se teñen débedas coas empresas contratadas polo actual grupo de goberno e se seguen pagando débedas do anterior grupo o que fai que se teñan que apretar o cinturon algo que non están dispostos a aceptar, propoñen que se traian a Pleno as débedas do actual grupo de goberno.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado indica que os grupos de goberno teñen que facerse cargo das débedas anteriores, ademais considera que se debe falar coa Deputación para ver se se pode chegar a un acordo.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que non se fan cargo de que se inflaran os orzamentos e que fagan previsións de gasto debéndoselle diñeiro á xente coas que se comprometeron, meténdose facturas de atrás, sen meter as súas, polo que a súa postura é non votar a favor disto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que esa é unha postura lexitima pero o que non se pode facer é deixar ao Concello sen telefono, xa que sería gravoso, continua decindo que é unha factura



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

que debería ter outros tramites pero que como foi aceptada polo Concello e actuouse así non queda mais remedio que aprobala con independencia a que se intente actuar despois.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que se chega unha factura coa que non esta de acordo non a paga e se Telefónica corta o suministro pois que o corte, aínda que entende que non o pode cortar, pero continua decindo que ese é un gasto que non lle corresponde ao Concello senón a Deputación polo que non se debe pagar.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado pregunta se se fixo unha consulta xurídica do mesmo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que non se sabe en que termino se acordou coa Deputación a posta a disposición dos terreos, pero independentement de como foi os feitos reais son que o Concello debe dar servizo aos veciños e o que non podemos é paralizar o Concello e se hai que facer algunha xestión esta se fará independentemente de que se pague.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado indica que se deben levar a cabo as xestións para ver se o Concello é quen debe asumir este pago e senón que se encargue a entidade responsable.

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola maioría absoluta dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, , (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres./as D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez (dous votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Tomás Fernández González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

PUNTO TERCEIRO: FESTIVOS LOCAIS PARA O CALENDARIO LABORAL DO ANO 2010.

Conforme ó escrito recibido o pasado día 28/07/09 do Servicio de Relacións Laborais da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar no que indica a necesidade de determinar os días festivos locais para o vindeiro ano 2010.

Propón o Sr. Alcalde-Presidente, Sr, Lamela Bautista como días festivos locais o martes de Entroido e o 13 de agosto de 2010, que cadra en venres.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo indica que xa o ano pasado se acordou por unanimidade dos membros do Pleno o establecer os días festivos, replica que hai xente que lle ataca a el como a persoa que fixou os días, cando iso non é certo, por iso quere que quede constancia de que non foi el nin o seu compañeiro oa que fixaron os días xa que estos se acordaron no Pleno, coma este ano.

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Tomás Fernández González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (tres abstenciós)

PUNTO CARTO: RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. TOMAS FERNANDEZ GONZALEZ.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que D. Tomas Fernández González non pudo asistir a este Pleno, pero agradécelle o traballo realizado durante estes anos, a continuación da lectura da proposta da Alcaldía, co seguinte teor literal:

“PROPUESTA DE ALCALDIA

Considerando que en este Ayuntamiento tuvo entrada el escrito de D.Tomas Fernandez Gonzalez, Concejel del Ayuntamiento de Lobios. En el mismo se formalizaba la renuncia voluntaria al cargo que ocupa en este Ayuntamiento desde que tomó posesión del cargo de Concejel el día 16 de junio de 2009, tras las elecciones Locales de 2007. La renuncia al cargo no será efectiva hasta su sometimiento al Pleno del Ayuntamiento.

Considerando los artículos 9.4 del Real Decreto 2568/1986, de 26 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, y 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, realizada la tramitación reglamentariamente establecida, y visto el Informe de Secretaría de fecha 1 de julio de 2009, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

ACUERDO

PRIMERO. Tomar conocimiento de la renuncia al cargo de Concejel del Ayuntamiento que realiza D. Tomas Fernandez Gonzalez.

SEGUNDO. Comunicar este Acuerdo a la Junta Electoral para que remita esta las credenciales de D^a. Maria Preciosa Gonzalez Prieto siguiente en la lista de los que concurrieron a las últimas elecciones municipales, para que pueda tomar posesión de su cargo.

En Lobios, a 1 de julio de 2009”

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstenciós)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO QUINTO: DECRETOS DOS MESES DE MARZO E ABRIL DO 2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO SEXTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que non se presentaron Mocions en prazo, por parte dos Grupos Políticos.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que en base ao artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro se inclúen por **URXENCIA** uns temas que pasa a expor o Sr Fernández Simo.

1.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que considera necesario a creación dunha comisión de seguimento sobre a posta en marcha das termas exteriores de Río Caldo na que se integren representantes de todos os partidos políticos coa intención de examinar a situación actual na que se atopa este asunto e estudar as medidas e estratexias que permitan acelerar o proceso.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que a situación esta en mans da Confederación e esta pendente dunha reunión entre o Subdelegado, o Secretario e con el, continua decindo que non hai inconveniente en crear a Comisión, pero que agora mesmo se esta pendente de facer esa reunión xa que o cambio da Confederación fixo que se relantizara todo.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a actuación da Fundación e o Concello foi exquisita, pero vese que a Confederación non esta dando a resposta que se lle pedía por elo a comisión podería ser a ferramenta para usar polo Alcalde, establecendo un prazo para que actúe e senón terá a tódolos Concelleiros e aos veciños enriba.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que ao pasarse da Confederación Hidrográfica do Norte á Confederación Hidrográfica do Miño- Sil, fáltalles documentación e información pero tanto o Subdelegado coma o Secretario están intentando axilizar este tema, continua decindo que non ve problema en crear a comisión para informar, pero que ás reunións sempre foi o Alcalde e considera que debe seguir así.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, pregunta como se constitúe esa comisión.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que debe ser un representante de cada partido e debe ser unha comisión de presión, xa que os problemas internos da Confederación non son excusa e se debe dar unha solución, e se en decembro non esta solucionado debe aparecer en tódolos medios de comunicación.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que todos son conscientes da importancia que ten este tema para a zona, e por iso se esta traballando en elo, continua decindo que se compromete a traer toda a información que haxa e que non ve problema en crear a comisión pero que non se pode exixir como se pretende.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a Confederación esta para dar solucións non para negociar xa que representa os intereses xerais por eso deben saber que de non dar unha solución en decembro terá problemas en Lobios.

Concedida a palabra ó concelleiro Sr. Paz León indica que se os terreos son da Confederación hai que negociar.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que os terreos son de todos, polo que haberá que pedir axilidade e eficacia.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que como partido na oposición levan unha actuación constructiva por iso cren que se serve de algo a creación da Comisión, están de acordo na creación da mesma.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se propón a creacion dunha comisión de apoio, para participar, suxerir e axudar na consecución dun fin común na posta en marcha das termas exteriores de Río Caldo.

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

2.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que considera necesario a petición dunha reunión urxente cos actuais responsables de sanidade para tratar a cuestión das graves deficiencias na atención sanitaria que padecen os veciños.Solicitando que esta reunión debe de celebrarse no próximo mes xa que non se deben tolerar mais retrasos.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que a día de hoxe non coñece a ningún responsable de Sanidade.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que xa deben de estar os representantes asentados e se debe de tratar de facerlles coñecedores do problema que se esta vivindo en Lobios e transmitirles que hai que adoptar algún tipo de decisión, polo que debe de comunicarlles primeiro o problema das gardas medicas e en segundo lugar o convenio da farmacopea a domicilio xa que falta a firma do mesmo para ver que resposta dan.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que o seu partido xa mostrou o apoio neste tema e que seguiran apoiando todo o que sexa necesario para mellorar a atención sanitaria.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se tiña unha reunión en Ourense, reunión que tralas eleccións quedou sen efectos polo que se debe retomar o tema cos responsables.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se propón a petición dunha reunión urxente cos actuais responsables de sanidade para tratar a cuestión das graves deficiencias na atención sanitaria que padecen os veciños. Solicitando que esta reunión debe de celebrarse no próximo mes xa que non se deben tolerar mais retrasos.

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

3.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que ante a petición da Asociación SempreGrou da ampliación da cesión da planta baixa do local social parroquial por un período de 25 anos para poder destinalo a sala velatorio.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que para poder realizar dita cesión é preciso a existencia dos informes técnicos oportunos e previos.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que é preciso a existencia dos informes técnicos de se é viable o uso de sala velatorio e deben terse uns requisitos que se deben presentar.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que para poder facer o proxecto é preciso previamente a cesión polo que a cesión é independente do uso.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que non se sabe se hai competencia desleal con outras empresas, xa que a entidade terá animo de lucro.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que ten animo de lucro, pero é unha cuestión de interese xeral.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que se aprobe a urxencia e que se soliciten os informes precisos para a cesión, para que o arquitecto informe sobre si se pode ceder con ese fin de velatorio.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se debe ceder par o fin de velatorio.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se debe solicitar iforme técnico e xurídico e despois traer a Pleno.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que se trata da cesión dun ben municipal para destinar a unha explotación económica.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se cede a unha asociación sen animo de lucro, e se ela o cede a unha entidade non afecta ao Concello.

Concedida a palabra ó concelleiro Sr. Paz León indica que ceder o local á Asociación para facer un local é perfecto pero cederllo para facer unha actividade con animo de lucro non é adecuado, pregunta por que a empresa non crea un local para ese fin.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que en primeiro lugar porque non lle beneficia e en segundo lugar porque o local axeitado é ese.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que par poder votar é preciso a existencia dos informes técnicos e xurídicos e ter mais información.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, reitera o dito polo Sr Alcalde.

Sometida a proposta de cesión do local por 25 anos para destinalo a Sala Velatorio a votación , produciuse un empate, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (tres votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres./as D. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón (tres votos en contra, por non existir informes técnicos e xurídicos sobre a viabilidade e posibilidade de destinar a ese fin a cesion)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ABSTENCIÓNS: Sres./as Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González (por non existir informes) e D. Tomás Fernández González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (cinco abstencións)

Unha vez producido o empate e de conformidade co art.. 100.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, se procede a realizar unha segunda votación, non aprobándose a proposta, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (tres votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres./as D. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González (cinco votos en contra, por non existir informes técnicos e xurídicos sobre a viabilidade e posibilidade de destinar a ese fin a cesion)

ABSTENCIÓNS: D. Tomás Fernández González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que o voto en contra non é a cesión senón que se vota en contra pola inexistencia dos informes técnicos e xurídicos sobre a posibilidade de poder ceder un ben para ese fin.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e reitera o dito pola voceira do Grupo Político Municipal do PP.

4.- Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que quere traer ao Pleno a aprobación dunha declaración institucional de apoio a unha explotación leiteira que non ten quen lle recolla o leite.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións)

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se trata dunha explotación leiteira de Lobios, que esta condenada a desaparecer xa que non teñen quen lles recolla o leite e dende Medio Rural non lles dan ningunha resposta polo que se debe mostrar o apoio institucional a familia e exixir a Medio rural que se adopte algunha medida urxente.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que non se debe exixir pero si solicitar a Medio Rural.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se debe exixir xa que é un dereito o vivir dignamente no medio rural.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e propón declaración institucional de apoio á familia e que se solicite e exixa a Medio Rural que se adopte algunha medida de urxencia.

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Fernández González, Vázquez Vázquez e Veloso González (por inasistencia) (tres abstencións).

PUNTO SETIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González pregunta que pasa coa limpeza de maleza en fincas.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e responde que é obriga dos propietarios.

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González indica que antes o facia o particular e se este non o facia, entón actuaba o Concello.

Concedida a palabra ao concelleiro D. Cayetano Carballo Suárez responde que agora é por lei obriga do particular polo que se se presenta un escrito hai que exixirlle ao propietario que o limpie.

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González pregunta que que pasa se fai caso omiso.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e responde que todo chega ao Concello e non hai maneira de actuar, debe ser a Guardia Civil a que o debe asumir.

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González pregunta por que se fixo un muro en San Paio.

Concedida a palabra ao concelleiro D. Manuel Paz León indica que efectivamente uns veciños de San Paio cederon un terreo a cambio de que se lles arranxara o muro.

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González pregunta como se fixo a cesión.

Concedida a palabra ao concelleiro D. Manuel Paz León indica que se fixo de palabra e o Concello o única que fixo foi por a man de obra xa que a grúa e o material eran do particular, se fixo para arranxar un camiño que era un peligro e que beneficia a moitos veciños.

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González indica que con esta actuación o que vai pasar é que os veciños viran e cederan o terreo a cambio de que se lles mova o muro.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e responde que se pretenden facer obras publicas e actuacións publicas, se esta respetando que o beneficio sexa publico e non un beneficio privado.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra á concelleira D^a María Belén González González solicita que se inclúan na paxina web as ordenanzas.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que quere comentar o tema do equipo do fútbol, xa que se di que lle convidaron a unhas reunións e que non foi, e iso non é certo, xa que el nunca recibiu ningunha invitación, continua decindo que están dispostos a colaborar co equipo de fútbol. A continuación, comenta o tema da Carretada, considerando necesario que do primeiro carro tirasen os políticos para que se vexa que é unha festa coa que esta de acordo todo o Concello.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e catro minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy